

18, 19 e 20 de maio

SOSTIENE PEREIRA

Dirección: Roberto Faenza

Intérpretes: Marcelo Mastroianni, Daniel Auteuil
Italia, 1984 - 105 min - (V.O.S en castelán)
APTA PARA TODOS OS PÚBLICOS
Formato: 35 mm

Lisboa, 1938. Ditadura de Salazar. Adaptación da novela homónima do escritor italiano Antonio Tabucchi. En 1938, cando os totalitarismos triunfan en Europa, un xornalista que traballou sempre na sección de sucesos, recibe o encargo de dirixir a páxina cultural do seu xornal. O seu sentido fúnebre da cultura chocará co espírito vitalista dun mozo colaborador. A estreita relación que mantén con el desencadea unha crise persoal que altera radicalmente a vida do maduro xornalista.

25, 26 e 27 de maio

LATIN LOVER



Dirección: Cristina Comencini

Intérpretes: Angela Finocchiaro, Marisa Paredes
Italia, 2015 - 105 min - (V.O.S en castelán)
NON RECOMENDADA MENORES DE 12 ANOS
Formato: Bluray

Nunha vila da rexión de Puglia celébrase o 10º aniversario da morte de Saverio Crispo, actor símbolo do "grande cinema italiano" e eterno "Latin lover". Á cerimonia chegan 4 das súas 5 fillas, espalladas polo mundo, e dúas ex mulleres, unha italiana e a outra española. Segredos, rivalidades e novas paixóns levarán as mulleres a descubrir un pasado inesperado e a ver a vida con novos ollos.

Agrídoce ensaio sobre o autoengano relacionado coa memoria afectiva e familiar que, sen chegar a encapotar unha obra en xeral luminosa e vitalista, si que deixa no padal algún momento particularmente conmovedor. Como non, álzase, espléndido e certo, quizá unha das máis sentidas homenaxes ao pasado do celuloide italiano como artefacto mítico que un recorda. Un tapiz feito de puro amor a unha tradición filmica que, máis que cultura, foi puro corazón e idiosincrasia popular.

ANTONIO TRASHORRAS (Fotogramas ****)

HORARIOS: xoves 20.15 h; venres 20.15 e 22.45 h e sábado ás 17.15 e 20.15 h.

ENTRADAS: 3,00 €

(Carné xoven, +65 anos ou persoas desempregadas, 2,00 €)

SESIONS DO ESPECTADOR: venres 22.45 h e sábados 17.15 h. **PRECIO ÚNICO:** 1,50 €

ABONO 5 PELICULAS: 12,00 €

VENTA NA BILLETERÍA : media hora antes de cada pase (só se quedan entradas disponibles)

VENDA ANTICIPADA: na conserxería, de luns a venres de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h; sábados de 10.00 a 13.00 h

SALA MARILYN MONROE

ITALIA E O SEU CINE

4, 5 e 6 de maio

BESEIGED



Dirección: Bernardo Bertolucci

Intérpretes: Claudio Santamaría, David Thewlis
Italia, 1998 - 100 min - (V.O.S en castelán)
APTA PARA TODOS OS PÚBLICOS
Formato: 35 mm

Cando o ditador do seu país encarcera o seu marido, unha moza africana vese obrigada a exiliarse por motivos políticos e chega a Italia, onde comezará a vivir nunha vella casa romana cun pianista británico. Ela estuda medicina e fai a limpeza a cambio da habitación. O amor xurdirá entre estas dúas almas solitarias, pero tamén saíran á luz as súas diferenzas políticas e culturais.

11,12 e 13 de maio

REALITY

Dirección: Matteo Garrone

Intérpretes: Aniello Arena, Loredana Smioli
Italia, 2012 - 116min - (V.O.S en castelán)
APTA PARA TODOS OS PÚBLICOS
Formato: Bluray

* FESTIVAL DE CANNES 2012: GRAN PREMIO DO XURADO
* FESTIVAL DE SEVILLA 2012: PREMIO ESPECIAL DO XURADO

É un personaxe extravertido e simpático que non perde ocasión de divertir coas súas actuacións a clientes e familiares. Un día, estes convéceno para que se presente ás probas do programa "Gran Irmán". Dentro dese mundo, a súa percepción da realidade empeza a cambiar.

Estraño ton o desta fábula escura, parece colocar a un personaxe que non desentouraría nunha película de Roman Polanski no contexto dunha commedia all'italiana de raíces populistas, a posta ao día do que Ettore Scola fixo con '**Brutos, sucios e malos**' (1976). O menos interesante da aposta de Matteo Garrone é, por obvia, a crítica á sociedade da hipervixilancia e á fascinación pola celebridade efémera. En contrapartida, saca partido ao contraste entre a vivacidade grotesca do contorno do seu protagonista e o seu progresivo descenso aos infernos, materializado na súa visita a unha realidade paralela que non lle ofrece ningún reflexo de si mesmo..

POR SERGI SÁNCHEZ (Fotogramas ***)

FORUM METROPOLITANO



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

